



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE VINTE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 17)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **vinte de abril de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO E DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación ás actas da sesión extraordinaria celebrada o día dez de abril de dous mil dezaeito, e da sesión ordinaria celebrada o día trece de abril de dous mil dezaeito, que foron distribuídas entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

A continuación dáse conta de escrito da Sección de Patrimonio e Inventario Xeral, manifestando que se detectou erro na proposta remitida á Xunta de Goberno de 23 de marzo de 2018 en relación co asunto “proposta relativa á tramitación do procedemento de adquisición dunha parcela no Concello de A Pontenova para a construción dun complexo residencial para persoas maiores”, consistente na omisión dun parágrafo referido á aprobación do gasto, o que deu lugar a erro na acta da dita sesión de 23 de marzo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda a corrección do dito erro engadindo, na parte dispositiva do acordo anteriormente sinalado, un parágrafo do seguinte teor: “Aprobar o gasto por importe de 125.000 euros”.

2.- MANIFESTO RELATIVO AO CORREDOR FERROVIARIO DO ATLÁNTICO

Galicia ten unha posición xeoestratéxica privilexiada no Atlántico, baseada nas súas conexións co continente americano no seu conxunto e con Asia a través da canle de Panamá. Conta con cinco portos de interese nacional que, unidos aos portugueses constitúen un potentísimo



sistema de comunicacións por mar na fachada atlántica da Península Ibérica. Todo iso configura un extraordinario potencial de desenvolvemento económico que pode e debe confluír nun hiterland que inclúa toda a Galicia interior, O Bierzo e o Norte de Portugal.

O desenvolvemento da fachada atlántica é un punto de equilibrio con respecto ao Mediterráneo, e é básico para reforzar a cohesión entre unha zona demográficamente moi poboada e con satisfactorios índices de desenvolvemento, e outra en alerta vermella demográfica e cuns indicativos sensiblemente inferiores.

Este desenvolvemento só pode lograrse creando as condicións necesarias para que todo o potencial marítimo existente tradúzase dunha vez no crecemento económico, a través da transformación, pero sobre todo da loxística e a distribución. Para iso é absolutamente imprescindible dotar a esta rexión de comunicacións rápidas e modernas co centro da península e co resto de Europa.

É así mesmo necesario que Galicia e o noroeste de Castela e León teñan unha conexión ferroviaria de mercadorías, que tamén sirva para pasaxeiros, coas prestacións e competitividade das novas liñas ferroviarias europeas, que están a ser impulsadas pola Comisión Europea dentro do que se chamaron corredores ferroviarios. Galicia debe integrarse no Corredor Atlántico que parte de Aveiro e que, pasando por Palencia e Euskadi, enlaza con Francia. Debe facelo coas mesmas condicións de velocidade e con idénticas características técnicas que as que teñen o resto de corredores, xa que é a única maneira de que as mercadorías que accedan a través dos portos do Atlántico poidan competir cos que chegan ós do Mediterráneo.

Este acceso ferroviario debe ser construído enlazando Lugo con Ourense, por Monforte, O Barco e Ponferrada. En Monforte ten que impulsarse de forma definitiva o porto seco, como nó loxístico do interior galego, básico para o desenvolvemento ferroviario do noroeste peninsular. Na capital do Bierzo é tamén absolutamente preciso avanzar na posta en marcha do Enclave Loxístico da Rede Cylong, fundamental para a boa evolución da competitividade nesta comarca. O acceso deberá confluír co Corredor Atlántico en Palencia, integrándose desta maneira no mesmo, tal e como se contempla nos documentos da Comisión Europea.

Non loitar por estes obxectivos sería achegar pola descohesión e a asimetría económica e social entre o Atlántico e o Mediterráneo ibérico, condenar ao subdesenvolvemento e ao despoboamento aos eixes interiores de Galicia e Noroeste de Castela (El Bierzo) e provocar a degradación progresiva dos portos galegos, condenándoos á súa total desaparición do mapa portuario e económico europeo.

Os representantes sociais e políticos de Galicia e O Bierzo, reunidos en O Barco de Valdeorras o 16 de marzo de 2018, lanzamos esta voz de alarma antes de que perdamos – literalmente- o último tren, coas consecuencias que iso tería. Manifestamos por tanto o noso firme e decidido apoio a esta iniciativa, e solicitamos do goberno español as medidas políticas, administrativas e financeiras necesarias para o impulso inmediato á liña ferroviaria Ourense/Lugo-Monforte-O Barco de Valdeorras-Ponferrada-Palencia. O proceso deberá iniciarse neste ano 2018, para que estea completado nun prazo que non prexudique á competitividade dos portos galegos e do resto do territorio.

Por todo exposto, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Manifestar o apoio dos Órganos de Goberno da Deputación de Lugo á iniciativa do Eixo Atlántico relativo ao corredor ferroviario do Atlántico.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INSTRUCCIÓNS PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DE 8 DE NOVIEMBRE, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

Vista a instrución para aplicación da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, do seguinte teor:

“I.- A aplicación da citada norma legal, en diversos aspectos, está plantexando dúbidas propias de todo cambio legislativo, centrándose esta primeira instrución especialmente nos contratos menores.



II.- O artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, prevé que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerárquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo (apartado 1º).

III.- A LCSP introduce diversas novidades respecto da regulación do contrato menor contida no derogado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobada por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Cabe destacar, da regulación fixada no art. 118 LCSP, principalmente novidades sobre a esixencia dun informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e a xustificación no expediente da non alteración do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. En todo caso, a principal novidade relacionada co principio de concorrencia é a introdución, no apartado 3 do artigo 118, dunha regra que non permite adxudicar sucesivos contratos menores a un contratista que xa resultase adxudicatario de anteriores contratos menores, cando con iso supérense as contías máximas que limitan este tipo de contratos, extremos que deben ser xustificados no expediente e que haberán de ser comprobados polo órgano de contratación.

Ademais, o artigo 63.4 LCSP dispón que a publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente no perfil do contratante e o artigo 346 LCSP establece en relación co Rexistro de Contratos do Sector Público, que se exceptuarán da comunicación ao citado rexistro aqueles cuxo prezo fóra inferior a cinco mil euros, IVE engadido, sempre que o sistema de pago utilizado fora o do anticipo de caixa fixa u outro similar para realizar pagos menores.

No resto dos contratos inferiores a cinco mil euros, deberá comunicarse ao órgano de contratación nos termos establecidos no citado artigo.

IV.- As xuntas consultivas de contratación administrativa, emitiron distintos informes, tanto da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado (41/2017, 3/2018, 5/2018) como da Xunta Consultiva de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Aragón (informe 3/2018), entre outros.

V.- A Intervención Provincial emite unha circular, sobre contratos menores, na data do 04/04/2018, en tanto non se establezan indicacións polo servizo de Contratación ou quen teña a ben realizalas (...) en relación cos antigos modelos M-1, M-2 e M-3, coas seguintes opinións:

“1-O contrato menor ven regulado no artigo 118 en canto o expediente, artigo 29.8 en canto a prazo, e artigo 131.3 en canto a selección do contratista.

2-O procedemento aberto simplificado do artigo 159 ten vocación de substitución do contrato menor. Ver o suposto a): “Forma sucesiva e prezo unitario” artigos 16, 17 e D.A.33.

3-Limitacións do artigo 118:

a) Necesidade do gasto polo órgano de contratación.

b) Non se está alterando o obxecto do contrato, xa que o obxecto é cualitativamente diferente, e no existe fraccionamento con outros do mesmo provedor.

c) Non superar por provedor a contía do contrato menor (40.000,00€ para obras, e 15.000,00€ para subministrados e servizos), distinguindo por tipo de contrato: obra, servizo e subministro (JCC. Aragón), se a suma do proposto e os existentes no prazo dun ano, contado cara atrás, da aprobación do gasto (JCC. Estado) non supera o límite cuantitativo do 118.1

4- En resumo: todo gasto require proposta de gasto aprobada e deben acreditarse as limitacións exportas no punto anterior. As propostas deben presentarse en Contratación, que debe, o meu xuízo, centralizar todos os contratos menores da Deputación, dita proposta acompañada do informe da necesidade do gasto suscrito polo órgano de contratación e demais extremos xustificativos das limitacións do punto anterior, así como da declaración responsable do provedor proposto se trasladara a Intervención a efectos de consignación orzamentaria, e devolta a Contratación, para tramitar a resolución de aprobación.”



VI- A Secretaría Xeral emite informe na data 16/04/2018, en relación con diversos aspectos dos contratos menores e na que en síntese (sen reproducir as diversas notas explicativas a pé de páxina), precisa:

“Formulación:

A Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) (BOE 9 de novembro de 2017), en vigor, practicamente na súa totalidade, establece unha nova regulación, dos denominados contratos menores, sobre a que se fai necesario un labor de interpretación ante algunha indeterminación que se produce no texto da Lei.

A estes efectos, artigos 29,8; 118 e 131,3.

Como principal novidade, a redución do importe para a consideración como tales contratos menores, sendo agora dun valor estimado de 40.000 €, para contrato de obras, e de 15.000 €, para os contratos de servizos ou subministracións.

O expediente esixe o informe sobre a motivación da necesidade do contrato e outros aspectos que manteñen a anterior configuración, como no referente á súa duración temporal e á obrigaón de incorporación de proxecto para os de obras cando así se estableza por normas específicas, establecéndose, ademais a obrigaón de publicar estes contratos na forma prevista no artigo 63,4 da norma.

Os aspectos máis novos e controvertidos son, sen dúbida, os que se refiren ao obxecto do contrato e a súa alteración, así como que o contratista non subscribise contratos menores que superen a cifra, segundo a cal se considera contrato menor.

O texto legal determina:

“No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste

artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento da devandita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a).2.”

Tal precepto persegue fundamentalmente evitar a utilización fraudulenta da forma de contratación mediante contrato menor, ben por unha alteración do obxecto do contrato ou ben polo incumprimento do prazo temporal do ano como máximo para a duración destes contratos que establece o artigo 29,8.

En canto á alteración do obxecto, a limitación legal debe aplicarse cando a celebración de contratos menores non sexa cualitativamente diferente e non forme unha mesma unidade.

Limitados os contratos menores na nova lexislación aos de obras, servizos e subministracións, haberá que admitir que na tipoloxía legal esta é a distinción que por razón do obxecto realiza a Lei, polo que se a mesma non distingue máis obxectos, non debe entrarse nunha maior distinción que levaría a unha variedade de situacións xurídicas indefinidas coa inseguridade na que podería incorrerse.

Así pois, a imposibilidade de contratar por razóns acumulativas nos contratos menores, debe operar de acordo ao obxecto daquel, segundo se trate dun contrato de obra, servizo ou subministración. Ao que responde, sen dúbida, a xustificación que se esixe de non “alterar o obxecto do contrato”, do que ha de concluirse que se está actuando de acordo á tipoloxía que a Lei establece respecto dos contratos, máis concretamente nos contratos menores que, por definición, como xa se sinalou, só poden empreñarse para os contratos de obras, servizos ou subministracións, polo que necesariamente han de ter por obxecto unha das tres finalidades.

En canto ao ámbito temporal, respecto do cal ha de constatarse o cumprimento da acumulación cuantitativa que impediría a contratación, por superar os límites de valor estimado para cada contratista en particular, a falta de claridade da norma obriga á súa interpretación. Por unha banda a duración desta imposibilidade, non pode entenderse indefinida no tempo, xa que sería totalmente desproporcionada e incongruente coa propia intencionalidade do contrato menor, polo que, a falta doutro mellor fundamento, hai que acudir a entender que o lexislador se



manifestou na súa duración anual, por canto así quixo que fosen este tipo de contratos (artigo 29,8, xa citado). Por iso o máis adecuado será acreditar tal cumprimento no período dun ano.

Tal interpretación, expón sen dúbida o problema de determinar, como computar tal período, tendo en conta a entrada en vigor da Lei, no sentido de se ha de empezar dende agora, dende hai un ano, etc., así como establecer o cómputo dese ano.

A interpretación, non pode obviar a aplicación doutros principios do dereito, neste caso o regulador do réxime orzamentario que, sen dúbida, aparece como o máis adecuado e máis práctico, axustándose máis á natureza deste tipo de contratos.

A este respecto, tanto no art. 27,1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, como nos artigos 162 e 163 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, queda recollido o principio básico de anualidade orzamentaria, que se fai coincidir co ano natural, sen prexuízo de cal for a data de aprobación do orzamento ou de que se trate, ante a imposibilidade da súa aprobación, dun orzamento prorrogado.

Faise necesario poñer de manifesto un último aspecto, cal é o da personalidade xurídica única da Entidade Local actuante, polo que os límites afectarán acumulativamente a toda a Entidade, indistintamente do servizo que xestione ou do órgano que resolva sobre o contrato.

Tendo como fundamento doutrinal de todo o exposto, o informe 3/2018 do 3 febreiro da “Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, “ coincidente nas determinacións expresadas, cabe sinalar as seguintes conclusións:

1ª.- O límite cuantitativo dos contratos menores debe rexer en función do obxecto do contrato, entendido como tal, en relación aos contratos que teñen a consideración de menores, a tipoloxía de contratos que a Lei establece en función do seu obxecto: contratos de obras, contratos de servizos, contratos de subministracións, debendo computar o límite de contía en cada un dos posibles obxectos de contrato para cada operador económico.

2ª.- O límite temporal no que ha de constatare o período de acumulación a efectos de incompatibilidade para a contratación, será o do ano natural. No caso do presente exercicio hase de computar as contratacións efectuadas dende o día 1 de xaneiro data de entrada en vigor do orzamento para 2018.

3ª.- Tanto no ámbito do obxecto como no temporal, a constatación dos límites establecidos, ha de facerse tendo en conta o carácter de suxeito único da Deputación, polo que non procede diferenciar contratos en función dos servizos que os xestionen ou propoñan nin dos órganos competentes par a súa aprobación.”

VII.- Consta elaborado modelo normalizado de contrato menor, refundido nun único “M”, os anteriores M-1; M-2; M-3.

No modelo “M” baixo a lenda “proposta de contrato menor, modelo M”, recóllese os seguintes apartados ou parámetros, coa finalidade de facilitar a tramitación deste tipo de procedementos:

- Área de Goberno
- Unidade Administrativa
- Obxecto do Contrato que se pretende realizar
- Necesidade da contratación
- Prezo
- A conformidade do Deputado Delegado

Incorpórase outro documento, máis desenvolto, baixo a lenda “proposta de contratación “M” que incorpora:

- Unidade de orixe.
- Unidade de destino.
- Obxecto do contrato que se pretende realizar.
- Descrición da necesidade.



- *Xustificación de que non se altera o obxecto do contrato para evitar as regras xerais da contratación.*
- *Relación de empresas as que se solicitaron os orzamentos para a tramitación do procedemento de referencia.*
- *Relación de empresas que presentaron orzamento para a tramitación do procedemento de referencia, cos seus respectivos importes.*
- *Xustificación de non aportar tres orzamentos, se fose o caso.*
- *Especificacións técnicas das prestacións (de ser procedente).*
- *No seu caso, condicións para as prestacións solicitadas e valoradas para elixir a mellor oferta (de ser procedente).*
- *Prazo de duración ou de execución.*
- *Lugar da prestación.*
- *Responsable do contrato (no caso de existir).*
- *O centro xestor propón a qué operador económico se lle adjudicaría o contrato menor.*

Ademais destes modelos “M” incorpóranse distintos anexos.

VIII.- Os modelos precedentes distinguían entre “inventariables e non inventariables” e o importe.

Neste modelo único de “M” suprímese, esa referencia, sen prexuízo do tratamento contable, posto que a calificación xurídica será efectuada pola Secretaría Xeral ou ben pola sección de Patrimonio. A estes efectos, dende cada centro xestor, trasladarase a fotocopia da factura conformada por cada responsable e, no caso de proceder, acta de recepción, certificación de obra e canta información sexa de utilidade para os fins do inventario patrimonial.

IX.- Emítese esta primeira instrución para facilitar a tramitación dos procedementos de contrato menor, atendendo a experiencia acadada e as novas determinacións legais, debendo entenderse como algo dinámico e susceptible de modificación e melloras no futuro, como consecuencia da súa aplicación práctica.

Nembargantes, en todo caso, esta instrución e a súa aplicación respectarán o establecido na Base 17 “Gastos ou Contratos Menores”, das Bases de Execución do Orzamento desta Deputación.

Doutra banda, de procurarse que a tramitación sexa áxil, ao tempo que garantista, aproveitando as ferramentas dixitais, coa finalidade inmediata de que a tramitación destes procedementos sexa integramente dixital e a licitación electrónica”.

Por todo elo, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Efectuar as seguintes determinacións para a tramitación dos contratos menores:

a).- O límite cuantitativo dos contratos menores debe rexer en función do obxecto do contrato, entendido como tal, en relación aos contratos que teñen a consideración de menores, a tipoloxía de contratos que a Lei establece en función do seu obxecto: contratos de obras, contratos de servizos, contratos de subministracións, debendo computar o límite de contía en cada un dos posibles obxectos de contrato para cada operador económico.

b).- O límite temporal no que ha de constatare o período de acumulación a efectos de incompatibilidade para a contratación, será o do ano natural. No caso do presente exercicio hase de computar as contratacións efectuadas dende o día 1 de xaneiro data de entrada en vigor do orzamento para 2018.

c).- Tanto no ámbito do obxecto como no temporal, a constatación dos límites establecidos, ha de facerse tendo en conta o carácter de suxeito único da Deputación, polo que non procede diferenciar contratos en función dos servizos que os xestionen ou propoñan nin dos órganos competentes par a súa aprobación.

2º.- Aprobar os modelos identificados como “Proposta de contrato menor M” (Anexo I) e “Proposta de contratación M” (Anexo II).



3º.- Aprobar o modelo de declaración responsable (Anexo III), a efectos de comprobar a aptitude para contratar, dos operadores económicos, nesta Deputación Provincial.

4º.- Aprobar o Anexo IV “Tramitación de contratos menores. Fases”, que inclúe o correspondente diagrama.

5º.- Aprobar a documentación a incorporar ao longo do procedemento de selección de contratistas, na modalidade de contrato menor (Anexo V e Anexo VI).

6º.- Determinar que cada centro xestor remita á Sección de Patrimonio a fotocopia da factura conformada e, de existir, a certificación final, acta de recepción ou calquera outro documento e información útil para a xestión patrimonial. Será Patrimonio o Centro encargado de recadar as correspondentes resolucións administrativas.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SITUADA NA RÚA TUI Nº 5.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do “Servizo de vixilancia nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo situada na rúa Tui nº5”.

Tendo en conta que con data 18 de decembro de 2017, cursouse por correo electrónico o pertinente convite ás empresas: Astra Seguridad, S.A., Iunion Seguridad, S.A., Securitas Direct, Eulen Seguridad, S.A., Prosegur Soluciones Integrales de Seguridad, Salzillo Seguridad, S.A., Mega2 Seguridad.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de datas 17 de xaneiro do 2018, 21 de febreiro de 2018, 16 de marzo de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 3 de abril de 2018; vistos así mesmo os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, e tendo en conta a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar a contratación do servizo á empresa Eulen Seguridad, S.A.

2º.- Ter o compromiso por parte da empresa adxudicataria de executar o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas, nos Pregos de Cláusulas Administrativas e nos Pregos de Prescricións Técnicas e na súa oferta.

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA (sen IVE) | OFERTA ECONÓMICA (con IVE) | BOLSA DE HORAS (sen IVE) | BOLSA DE HORAS (con IVE) |
|-------------------------|-------------------------------|-------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|
| EULEN Seguridad S.A. | 23.050,08 euros/ano | 27.890,60 euros/ano | 5 horas /ano | 5 horas /ano |
| | 1.920,84 euros/mes | 2.324,22 euros/ano | 12,76 euros/hora | 15,44 euros/hora |

3º.- Ter condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

3.1.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 5/2014, do 14 de abril, de seguridade privada, e normativa concordante, o cumprimento do conxunto das obrigas laborais por parte da empresa de seguridade adxudicataria e a entrega a esta administración contratante dos documentos TC1/TC2 necesarios para acreditar a afiliación e cotización á Seguridade Social dos traballadores adscritos á execución do contrato; así como, de ser requirida á empresa adxudicataria, a facilitación de fotocopias das nóminas e dos xustificantes dos pagamento dos salarios, especialmente se xorden incidencias en relación cos dereitos dos traballadores, tal e como se pauta na cláusula 24 deste mesmo Prego de Condicións.

3.2.- Constitúe condición especial de execución, cualificada como obriga contractual esencial aos efectos do artigo 64.2 en relación ao artigo 223.f, a adscrición dos medios persoais descritos nos Pregos de Prescricións Técnicas e no seu caso, os que resulten das melloras ofertadas por enriba dos mínimos establecidos, pola proposición que resulte adxudicataria.

4º.- Aprobar que constitúe condición esencial de execución, ao abeiro do disposto no artigo 228 bis a remisión ao órgano de contratación da xustificación do cumprimento dos pagamentos aos contratistas ou subministradores que participen no contrato, unha vez rematada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, cuxo



incumplimento, ademais das restantes consecuencias xurídicas previstas no ordenamento xurídico permitirá aplicar as penalidades previstas neste mesmo apartado proporcionalmente graduadas.

5º.- Financiar e repartir os créditos precisos para este contrato nas anualidades que se indican a continuación:

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA | ANUALIDADE 2018 | ANUALIDADE 2019 |
|----------------------|----------------------------------|----------------------------------|---------------------------------|
| EULEN Seguridad S.A. | 23.050,08 euros/ano (sen IVE) | 15.366,72 euros/ano (sen IVE) | 7.683,36 euros/ano (sen IVE) |
| | 27.890,60 euros/ano (con IVE) | 18.593,73 euros/ano (con IVE) | 9.296,87 euros/ano (con IVE) |

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidade de 9.296,87 euros.

6º.- Aprobar a duración do contrato, dentro do límite máximo dun ano previsto nos Pregos reitores, estenderase ao período de tempo que vai dende a súa formalización e perfeccionamento ata o día en que se traslade o persoal ao Fogar de Santa María. A entrada en vigor da presente contratación será a partir da formalización do contrato, data na que se realizará tamén a sinatura da acta de inicio de prestación do servizo.

7º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/ou> www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

8º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación, na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBMINISTRACIÓN DE PENSO COMPOSTO (CONCENTRADO) PARA A ALIMENTACIÓN DE GANDO VACÚN NA GRANXA GAYOSO CASTRO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver o expediente de contratación da subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da granxa Gayoso Castro, segundo anuncio de licitación publicado no BOP nº 290, do 20 de decembro de 2017 e na plataforma de contratación do sector público na mesma data.

Logo de ver as actas das mesas de contratación de datas 22 de xaneiro de 2018 e 21 de febreiro do 2018, así como a Resolución da Presidencia de data 23 de marzo de 2018; vistos así mesmo os informes do Servizo de Contratación e Fomento e de Intervención, tendo en conta a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar a contratación da subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da granxa Gayoso Castro, a favor da empresa EVIALIS GALICIA S.A., por importe de 177.300,00 euros, aos que se engadirán 17.730,00 euros (10%) en concepto de IVE, ao que ascende a un total de 195.030,00 euros e por un prazo de un ano, segundo o seguinte desglose de prezos unitarios:

- Concentrado para vacas lactación 249,10 euros/Tm, aos que se engadirán 24,91 euros en concepto de IVE, ao que ascende a un total de 274,01 euros.

- Concentrado para vacas secas e xovencas 241,00 euros/Tm, aos que se engadirán 24,10 euros en concepto de IVE, ao que ascende a un total de 265,10 euros.

- Concentrado para tenreiros 243,21 euros/Tm, aos que se engadirán 24,321 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 267,531 euros.

Os 177.300,00 euros precisos aos que se incrementarán 17.730,00 euros en concepto de IVE (deducible), para este contrato, financiaranse nas anualidades 2018 e 2019, por importe de 118.200,00 euros para a anualidade 2018 e 59.100,00 € para a anualidade 2019; quedando supeditado ao



cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e o compromiso de incluír no orzamento da anualidade 2019 a cantidade indicada.

Ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, esta Deputación Provincial non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte do prezo ofertado polo adxudicatario e a subministración efectivamente realizada.

Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP.

- A adscrición de medios persoais e materias resultantes proposta técnica presentada.
- Acompañar as entregas da ficha técnica do produto ofertado, emitido polo fabricante ou por Servizo Veterinario recoñecido, co fin de comprobar que cumpre as especificacións do PPT. O incumprimento desta condición especial de execución poderá constituír causa de resolución do contrato, segundo o previsto nos artigos 212.1 e 223 do TRLCSP, e a cláusula 25 do PCAP, ou ser causa de imposición de penalidades.
- Acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar dende a acta de inicio da prestación do servizo (ou subsidiariamente dende a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esa cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos TC1/TC2 dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha desas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas dese persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

Constitúe condición esencial de execución, ao abeiro do disposto no artigo 228 bis a remisión ao órgano de contratación da xustificación do cumprimento dos pagamentos aos contratistas ou subministradores que participen no contrato, unha vez rematada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 30 de decembro, cuxo incumprimento, ademais das restantes consecuencias xurídicas previstas no ordenamento xurídico permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, que se graduarán, en función da gravidade do incumprimento, sen que podan superar o 10% do orzamento do contrato, conforme ao artigo 212.1 do TRLCSP.

2º.- Publicar no perfil do contratante e notificar ao único interesado a adxudicación do acordo co previsto nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS

Modificación do Convenio de colaboración entre esta Excm. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a realización da actividade consistente en: “Actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestrutura e equipamentos locais para os Concellos da Provincia de Lugo (EIEL 2016).

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada el 17 de marzo de 2017, prestouse aprobación ao Convenio de colaboración entre esta Excm. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a realización da actividade consistente en: “Actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestrutura e equipamentos locais para os Concellos da Provincia de Lugo (EIEL 2016)”, cun orzamento total de



83.600 € (a achega da Deputación Provincial ascenderá ao importe de 76.000 € e a achega da USC será por valor de 7.600 €). O devandito Convenio foi asinado con data 17 de abril de 2017.

Logo de ver que D. David Miranda Barrós, Coordinador do GI-1934 Territorio e Biodiversidade da Universidade de Santiago de Compostela, presenta escrito no que se describen os traballos executados para dar cumprimento ás obrigas derivadas da sinatura de dito Convenio a desenvolver entre os anos 2018 e 2019. Consta ademais un desglose das actuacións que está previsto desenvolver segundo as anualidades así como a valoración económica da realización das devanditas actuacións para a anualidade 2018 e para a anualidade 2019, polo que se pretende unha modificación do Convenio asinado que permita a elaboración da “Actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestructuras e Equipamentos Locais (Fase EIEL 2017), coa previsión de que a súa execución se producirá durante as anualidades 2018/2019 (non existindo coincidencia cos anos naturais), o que fai precisa a modificación das cláusulas que mais adiante se reseñan.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Intervención e do responsable do IEL nesta Deputación coa conformidade do Sr. Deputado da Área de Xestión Territorial e da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medioambiente, así como a proposta da Presidencia; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar as cláusulas primeira, segunda, cuarta, sexta e sétima do Convenio de colaboración asinado en data 17 de abril de 2017, entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a realización da actividade consistente en: “Actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestrutura e equipamentos locais para os Concellos da Provincia de Lugo (EIEL 2016)”, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de colaboración de referencia.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Logo de ver os Plans de Seguridade e Saúde das obra que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Deputación, así como as propostas do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA:

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-07-04 “De Cereixal, por Pena Maior, a la Escuela de Montaña”, P.K. 0+000 ao 4+300.BECERREÁ.

Contratista: José Antonio Miguelez Díaz.

8.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE PARTICIPACIÓN, DO GASTO E DO MODELO DE PARTICIPACIÓN DA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO DE PIRAGÜISMO, ANO 2018.

Logo de ver o expediente relativo á convocatoria para a participación, do gasto e do modelo de participación da Copa Deputación de Lugo de Piragüismo, ano 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Secretaría Xeral Contratación e Fomento, de Deportes e de Intervención, así como a proposta da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



1º.- Aprobar as bases de participación da Copa Deputación de Lugo de Piragüismo, ano 2018.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total 20.000,00 € (vinte mil euros).

3º.- Aprobar así mesmo o modelo de participación.

9.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO, E DO MODELO DE ANEXO DA XXXV COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL PARA O ANO 2018.

Logo de ver o expediente relativo para a celebración da XXXV edición da Copa Deputación das distintas categorías do fútbol masculino e feminino provincial, correspondente ao ano 2018, competición que organiza a Federación Galega de Fútbol, dirixida a todos aqueles equipos da provincia de Lugo nas categorías Preferente Autonómica e 1ª Autonómica, 2ª Autonómica e 3ª Autonómica, ademais das categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil e fútbol veterano, tanto masculinas como femininas.

Tendo en conta que a XXXV Copa Deputación de Fútbol supón unha actuación de grande importancia na promoción e fomento do deporte do fútbol e nomeadamente do deporte de base provincial. A competición consta de varias fases eliminatorias, declarándose na última fase un campión e un subcampión. Aos equipos participantes na XXXV Copa Deputación, a Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte da Deputación Provincial, aboaralles pola súa participación cantidades económicas en concepto de premio de acordo cos criterios establecidos

Logo de ver os informes dos Servizos de Deportes, Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobación das bases da participación da XXXV Copa Deputación de fútbol para o ano 2018.

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 100.000,00 (Cen mil euros).

3º.- Aprobar o modelo de anexo de participación.

10.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de decembro de 2017, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 189, do venres 18 de agosto de 2017, para a concesión de subvencións destinadas á entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2017; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

| Entidade | Subvención |
|------------------------|------------|
| ASOC. DE MM RR DO CHAO | 983,00 |

11.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.



Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.